

DOMINGO XXVII ORDINARIO

139.-

PRIMEIRA LECTURA

A viña do Señor poderoso é a casa de Israel

Lectura do libro de Isaías **5, 1-7**

Voulle cantar no nome do meu amigo
unha canción de amor á súa viña.

Tiña o meu amigo unha viña nunha das fértils ladeiras.
Cavou, quitoulle as pedras, e plantouna de cepa selecta;
construíu no medio dela unha torre e tamén dispuxo un lagar;
esperaba que dese boas uvas, pero só llas deu agraces.

E agora, habitantes de Xerusalén e homes de Xudá,
facede, por favor, de xuíces,
entre min e a miña viña.

¿Que más lle puiden facer á miña viña que non llo fixera?

¿Por que, esperando eu que dese boas uvas, deu tan só agraces?

Pois agora vovos dici-lo que lle vou facer á miña viña:
quitarlle o valado para que sirva de pasteiro,
romperlle a cerca e que se volva un torreiro.

Convertereina nun ermo, non se podará nin cavará;
o cardo e maila silveira medrarán nela;
ós mesmos trebóns mandareilles que non chovan sobre ela.

Si, a viña do Señor dos Exércitos é a casa de Israel;
e os homes de Xudá, a súa preferida plantación.

Esperaba deles o cumprimento do derecho,
e velaquí: sangue vertido.

Esperaba deles xustiza, e velaquí: berros de auxilio.

Palabra do Señor.

Salmo responorial Sal 79, 9 e 12. 13-14. 15-16. 19-20 (R.: Is 5, 7a)

R.: A viña do Señor é a casa de Israel.

Arrincaches de Exipto unha vide,
expulsaches nacións para a plantar;
estendeu as súas ramas ata o mar
os seus gromos ata o río. **R.**

¿Por que lle derrubáche-los valados,
para que a vendimen cantos pasan?
Os xabaríns estragan nela
e devórana as bestas do campo. **R.**

Vólvete, Deus dos exércitos,
olla desde o ceo e fíxate,
ven visita-la túa viña,
a videira que plantaches coa túa man,
o bacelo que ti fortaleciches. **R.**

Non nos afastaremos más de ti;
dános vida de novo,
e invocarémo-lo teu nome.
Restáuranos, Señor Deus dos exércitos;
que brille o teu rostro e seremos salvos. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Facede isto e o Deus da paz será convosco

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses **4, 6-9**

Irmáns:

Non desacougedes por cousa ningunha. En todo presentádelle a Deus as vosas peticións con oracións de súplica e acción de gracias.

E a paz de Deus, superior a todo o imaxinable, custodiará os vosos corazóns e os vosos pensamentos en Cristo Xesús.

Do resto, meus irmáns, todo o que sexa verdadeiro, todo o que sexa serio, xusto, honesto, todo o que sexa estimable, o que sexa honroso, calquera virtude ou cousa loable que haxa, iso é o que debedes apreciar.

O que aprendestes, recibistes, oístes e vistes en min, iso é o que tedes que levar á práctica. E o Deus da paz estará convosco.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Xn 15, 16

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Eu escollivnos do medio do mundo,
para que vaiades e fructifiquedes,
e o voso froito dure, di o Señor.

Aleluia.

EVANXEO

Arrendou a viña a outros labradores

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 21, 33-43

Naquel tempo, díxolles Xesús ós sumos sacerdotes e ós anciáns do pobo:

—«Escoitade outra parábola: Dunha vez había un propietario que plantou unha viña; rodeouna dunha sebe, cavou nela un lagar e construíu un caseto para o garda. Logo, arrendóullela a uns viñadores e marchou para lonxe.

Cando chegou o tempo da vendima, mandou os seus criados ós viñateiros, para cobra-las rendas. Pero os viñateiros agardáronos, e a un zorregáronlle, a outro matárono e a outro apedrárono. De novo mandou outros criados, más numerosos; pero tratáronos do mesmo xeito.

Por último, mandóulle-lo seu propio fillo, dicindo para si: “O meu fillo hano respectar.” Pero os viñateiros, ó veren o fillo, comentaron: “Este é o herdeiro: veña, matémolo, e a heranza será nosa.” E agarrárono, botárono fóra da viña, e matárono.

Ben, ¿e cando veña o señor da viña, que fará cos viñateiros aqueles?»

Respondéronlle:

—«A eses malvados faraos morrer de mala morte, e arrenderálle-la viña a outros viñateiros, que lle paguen as rendas no seu tempo.»

Díxolle entón Xesús:

—«¿Seica non lestes nunca na Escritura:

“A pedra que desbotaron os canteiros
é agora o esquinal:
esa pedra colocouna o Señor,
¡que regalía para nós!?”

Por iso dígovos: quitarásevos a vós o Reino de Deus, e daráselle
a un pobo que produza bos froitos.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXVIII ORDINARIO

142.-

PRIMEIRA LECTURA

Fará festa o Señor e enxugará tódalas bágoas

Lectura do libro de Isaías 25, 6-10a

Nesta montaña o Señor dos Exércitos ofreceralles a tódolos pobos
un banquete de boas talladas, de viños anellos,
carnes ben condimentadas, viños refinados.

Destruirá nesta montaña o veo que tapa a tódolos pobos,
a cuberta que cobre a tódalas nacións.

O meu Señor, Deus dos Exércitos, destruirá a morte para sempre,
enxugará as bágoas de tódalas caras,
afastará de todo o país a vergonza do seu pobo.

Si, díxoo o Señor.

No día aquel dirase:

«Ollade, este é o noso Deus, esperamos nel: El hanos salvar.
Este é o Señor, esperamos nel,
gozaremos e alegrarémonos coa súa salvación.
Si, a man do Señor descansa sobre esta montaña.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 22, 1-3a. 3b-4. 5. 6 (R.: 6cd)

R.: Eu habitarei na casa do Señor por días prolongados sen fin.

O Señor é o meu pastor, nada me falta:
En pastos verdecentes faime repousar.
El lévame a beber en augas tranquilas
e repón as miñas forzas. **R.**

Guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome.
Se tiver de pasar por valgadas sombrizas,
ningún mal temería, pois ti vas comigo:
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego. R.

Ti pos para min a mesa,
á cara dos meus inimigos;
únxesme con perfume a cabeza,
e a miña copa reborda. R.

O teu benquerer e a túa misericordia vanme seguindo
tódolos días da miña vida.
Eu habitarei na casa do Señor
por días prolongados sen fin. R.

SEGUNDA LECTURA

Teño forzas para todo gracias a quen me fai forte

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses

4, 12-14. 19-20

Irmáns:

Hoxe sei vivir na miseria e na fartura. En calquera situación estou ensinado para estar farto e para pasar fame; para ter de abondo e para non ter nada.

Teño forzas para todo gracias a quen me fai forte. Mesmo así, fixestes ben en tomardes coma vosa a miña dificultade.

O meu Deus, pola súa parte, cubrirá tódalas vosas necesidades, conforme a súa riqueza, con magnificencia en Cristo Xesús.

Gloria a Deus, noso Pai, polos séculos dos séculos. Amén.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Ef 1, 17-18

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

O Pai do noso Señor Xesús Cristo
ilumine os ollos do noso corazón,
para que saibamos cal é a esperanza da nosa vocación.
Aleluia.

EVANXEO

Chamade ás vodas a cantos atopedes

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 22, 1-14

Naquel tempo, Xesús púxose de novo a falarlles en parábolas ós sumos sacerdotes e ós anciáns do pobo:

—«Parécese o Reino dos Ceos a un rei que celebrou o casamento de seu fillo. Mandou os seus criados ir chamar polos convidados á voda, pero estes non querían ir.

Volveu mandar outros criados, encargándolle: “Dicídelles ós convidados: Mirade que teño preparado o banquete, xa están mortos os becerros e mailos demais animais cebados; todo está disposto: ¡vide á voda!”

Pero eles, sen lles faceren caso, fóreronse: un ás súas leiras, outro ós seus negocios. Os demais botáronse ós criados, maltratáronos e matáronos.

Entón o rei, todo indignado, mandou os seus exércitos, que acabaron cos asasinios aqueles e prendéronlle lume á cidade. E díxolle ós criados: «A voda está preparada, pero os convidados non a merecían. Así que ide ás encrucilladas dos camiños; e a cantos atopedes, convidádeos á voda.”

Saíron ós camiños os criados e xuntaron a tó dolos que atoparon, bos e malos, enchéndose de convidados a sala da voda.

Cando entrou o rei para olla-los convidados, viu un home que non vestía traxe de voda e díxolle: “Amigo, ¿como entraches aquí sen traxe de voda?” El ficou caladiño: Entón o rei díxolle ós

camareiros: “Atádeo de pés e mans, e botádeo fóra, ás tebras, onde será o pranto e mailo renxer dos dentes.”

Porque os chamados son moitos, pero poucos os escollidos.»
Palabra do Señor.

Ou más breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 22, 1-10

Naquel tempo, Xesús púxose de novo a falarlles en parábolas ós sumos sacerdotes e ós anciáns do pobo:

—«Parécese o Reino dos Ceos a un rei que celebrou o casamento de seu fillo. Mandou os seus criados ir chamar polos convidados á voda, pero estes non querían ir.

Volveu mandar outros criados, encargándolles: “Dicídelles ós convidados: Mirade que teño preparado o banquete, xa están mortos os becerros e mailos demais animais cebados; todo está disposto: ¡vide á voda!”

Pero eles, sen lles faceren caso, fóreronse: un ás súas leiras, outro ós seus negocios. Os demais botáronse ós criados, maltratáronos e matáronos.

Entón o rei, todo indignado, mandou os seus exércitos, que acabaron cos asasinios aqueles e prendéronlle lume á cidade. E díxolles ós criados: “A voda está preparada, pero os convidados non a merecían. Así que ide ás encrucilladas dos camiños; e a cantes atopedes, convidádeos á voda.”

Saíron ós camiños os criados e xuntaron a tódolos que atoparon, bos e malos, enchéndose de convidados a sala da voda.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXIX ORDINARIO

145.-

PRIMEIRA LECTURA

Collín a man dereita de Ciro para someter ante si os pobos

Lectura do libro de Isaías **45, 1. 4-6**

Así fala o Señor acerca do seu unxido,
Ciro, a quen el colleu da man dereita:
«El someterá ante si os pobos,
eu descubrirei ante el o lombo dos reis.
El abre ante si os portóns dobles,
as portas non se pecharán ante el.
Por causa do meu servo, Xacob, e de Israel, o meu elixido.
Si, chameite polo teu nome;
creeite, aínda que non me coñecías.
Eu son o Señor e non hai outro, fóra de min non hai deus.
Ameite, aínda que non me coñecías,
para que se saiba desde o nacente
ó solpor que non hai cousa sen min.
Eu son o Señor e non hai outro.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 95, 1 e 3. 4-5. 7-8. 9-10a e c (R.: 7b)

R.: Tributade ó Señor honor e forza.

Cantádelle ó Señor un cántico novo,
cantádelle ó Señor, a terra enteira.
Anunciade entre as xentes a súa gloria;
ante tódolos pobos, as súas marabillas. **R.**

Grande é o Señor e digno de loanza,
máis temible ca tódolos deuses.
Os deuses todos das nacións son aparencia,
pero o Señor fixo os ceos. **R.**

Tributade ó Señor, pobos todos,
tributade ó Señor honor e forza,
tributade ó Señor a gloria do seu nome.
Collede ofrendas e entrade nos seus adros. **R.**

Adorade o Señor no adral sagrado,
tremá na súa presencia a terra enteira.
Dicide entre as xentes:
«O Señor é rei, el goberna os pobos rectamente.» **R.**

SEGUNDA LECTURA

Facemos memoria da vosa fe e da caridade e da esperanza

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Tesalonicenses
1, 1-5b

Paulo, Silvano e mais Timoteo, á Igrexa dos tesalonicenses, en Deus Pai e no Señor Xesús Cristo: deséxanvos gracia e paz.

Decote damos gracias a Deus por todos vós, facendo memoria de vós nas nosas oracións. Continuamente nos lembramos diante de Deus, noso Pai, da actividade da vosa fe, do esforzo da vosa caridade e da firmeza da vosa esperanza no noso Señor Xesús Cristo.

Ben sabemos, irmáns, benqueridos de Deus, que El vos escolleu. Porque o noso Evanxeo non quedou en palabras no voso caso, senón que se volveu forza exuberante do Espírito Santo.

Palabra do Señor.

Aleluia Flp 2, 15d. 16a

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Reluciredes coma fachos no universo,
presentando a palabra de vida.

Aleluia.

EVANXEO**Dádelle ó Cesar o que é do Cesar, e a Deus o que é de Deus****+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 22, 15-21**

Naquel tempo, os fariseos fóreronse reunir para veren o xeito de sorprender a Xesús nalgún dito. Así é que lle mandaron algúns discípulos deles con algúns partidarios de Herodes, que lle preguntaron:

—«Mestre, sabemos que es sincero, que de verdade ensína-lo camiño de Deus e que non andas con miramentos, pois non reparas na apariencia das persoas. Dinos, logo, ¿que che parece: Está permitido pagarlle o tributo ó Cesar ou non?»

Xesús, que lles coñeceu a malicia, contestoulles:

—«¿Por que me queredes comprometer, hipócritas? Mostrademe a moeda do tributo.»

Eles presentáronlle un denario. E el preguntoulles:

—«¿De quen é esta imaxe e maila inscrición?»

Contestáronlle:

—«Do César.»

Entón replicoulles:

—«Pois logo dádelle ó César o que é do César, e a Deus o que é de Deus.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXX ORDINARIO

148.-

PRIMEIRA LECTURA

Se danades á viúva e ó seu fillo, desatarase o meu noxo contra vós

Lectura do libro do Éxodo **22, 20-26**

Así fala o Señor:

«Non aflixirás nin asoballara-los forasteiros, pois forasteiros fostes vós en terras de Exipto.

Non oprimira-las viúvas nin os orfos. Se de feito os oprimes, e eles se queixan a min, eu escoitarei certamente a súa queixa. O meu noxo acenderase e fareivos morrer a espada. As vosas mulleres quedarán viúvas e os vosos fillos orfos.

Se lle emprestas diñeiro a un do meu pobo, ó pobre que vive onda ti, non te portarás coma un usureiro, cobrándolle intereses. Se tomas en peñor o manto do teu próximo, antes de poñerse o sol devolveraslllo, pois é o vestido que ten para cubri-lo seu corpo. ¿Con que, se non, se taparía ó deitarse? Se se queixa a min, escoitareino, porque eu son misericordioso.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 17, 2-3a. 3bc-4. 47 e 51ab (R.: 2)

R.: Eu ámote, Señor. Ti e-la miña forza.

Eu ámote, Señor, a miña forza,
Señor, a miña rocha, o meu castro, o meu refuxio. **R.**

Meu Deus, penedo onde me acollo,
o meu escudo, o meu alcázar, o meu castelo.
Eu invoco o Señor, o adorable,
e salvarame dos meus inimigos. **R.**

Viva o Señor, bendita a miña rocha;
sexal exaltado Deus, o meu salvador,
o que lle dá ó rei grandes victorias
e mostra misericordia ó seu unxido. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Convertéstesvos dos ídolos para servir a Deus e espera-lo seu Fillo

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Tesalonicenses
1, 5c-10

Irmáns:

Ben sabedes como foi a nosa actuación entre vós para o voso ben. E vós seguiste-lo noso exemplo e o do Señor e, anque houbo tantas dificultades, acolléste-la mensaxe coa alegría do Espírito Santo, ata chegardes a ser exemplo para tódolos crentes da Macedonia e da Acaia.

Pois, partindo de vós, resou a palabra do Señor non só na Macedonia e na Acaia, senón que a vosa fe en Deus resou por tódalas partes, de xeito que non precisamos falar cousa.

Eles mesmos contan cal foi a acollida que nos destes e como vos convertestes dos ídolos para servi-lo Deus vivo e verdadeiro, e para agardar desde o ceo o seu Fillo, a quen resucitou de entre os mortos, Xesús, quen nos libra da ira vindeira.

Palabra do Señor.

Aleluia 1 Xn 14, 23

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Se alguén me ama, gardará a miña palabra, di o Señor;
e o meu Pai amarao e viremos a el.

Aleluia.

EVANXEO**Amara-lo Señor teu Deus e o teu próximo coma a ti mesmo****+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 22, 34-40**

Naquel tempo, ó se decataren os fariseos de que Xesús lles tapara a boca ós saduceos, reuníronse onda el, e un deles, doutor da lei, preguntoulle para poñelo a proba:

—«Mestre, ¿cal é na Lei o gran mandamento?»

El respondeulle:

—«“Amara-lo Señor, teu Deus, con todo o teu corazón e con toda a túa alma e con todo o teu entendemento”; este é o mandamento grande e primeiro. O segundo é semellante a el: “Amara-lo teu próximo coma a ti mesmo.” Destes dous mandamentos dependen a Lei enteira e mailos profetas.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXXI ORDINARIO

151.-

PRIMEIRA LECTURA

Apartastes a moitos do vieiro, desviástelos do cumprimento da lei

Lectura do libro de Malaquías 1, 14b—2, 2b. 8-10

«Eu son o gran Rei —fala o Señor dos Exércitos—,
e o meu Nome é temible entre os pobos.

Agora esta orde vai para vós, sacerdotes:

Se non facedes caso e se non colledes a peito darrle gloria
ó meu Nome —fala o Señor dos Exércitos—,
botarei contra vós a maldición.

Vós apartastes a moitos do vieiro,
desviástelos do cumprimento da lei,
violáste-la alianza con Leví —fala o Señor dos Exércitos—.

Tamén eu vos volverei desprezables e viles para tódolos pobos,
na medida en que vós non gardáste-los meus vieiros,
e na medida en que non considerastes estimable a lei.

¿Non temos todos nós un único Rei?

¿Non vos criou a todos o único Deus?

¿Por que traizoamos cada un o seu irmán,
violando a alianza de nosos pais?»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 130, 1. 2. 3

R.: Garda, Señor, a miña alma en paz diante de ti.

Señor, o meu corazón non é soberbio
nin os meus ollos altivos.
Non persigo grandeza
nin marabillas que me exceden. **R.**

Eu acalmo e acalo a miña ansia,
 coma un meniño no colo da súa nai;
 coma nun meniño está en min a miña ansia. **R.**

Agarde Israel o Señor,
 desde agora e para sempre. **R.**

SEGUNDA LECTURA

**Queriamos entregarvos non só o Evanxeo de Deus,
 senón tamén a nosa vida**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Tesalonicenses

2, 7b-9, 13

Irmáns:

Fixémonos tenros no medio de vós, coma unha nai que agarima os seus fillos. Polo cariño que vos tiñamos estabamos dispostos a entregarvos non só o Evanxeo de Deus, senón a nosa propia vida: tanto vos fixestes querer.

Acordaravos, irmáns, o noso esforzo e fatiga: traballando noite e día, por non sermos unha carga para ningún de vós. Así foi como vos predicámo-lo Evanxeo de Deus.

É tamén por isto polo que lle damos decote gracias a Deus: porque, ó recibirdes de nós a palabra de Deus, acolléstela non coma palabra de homes, senón coma o que verdadeiramente é: coma palabra de Deus, que actúa en vós, os crentes.

Palabra do Señor.

Aleluia Mt 23, 9b, 10b

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Un é o voso Pai, o celestial;
 e un é o voso mestre, Cristo.
 Aleluia.

EVANXEO

Din, pero non fan

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 23, 1-12

Naquel tempo, díxolle Xesús ós discípulos e mais á xente:
—«Na cátedra de Moisés sentaron os letrados e mailos fariseos. Facede, logo, e cumpride canto vos digan, pero non imitéde-la súa conducta porque falan pero non cumplen. Atan fardos pesados e cánganos no lombo dos outros, pero eles nin un dedo poñen para os mover.

Todo o que fan é para que os vexan: visten aparatosamente, ancheando as filacterias e as franxas dos seus mantos; buscan os primeiros postos nos banquetes e os primeiros asentos nas sinagogas; que lles fagan reverencias nas rúas e que lles chamen mestre.

Vós non vos fagades chamar mestre, pois un só é o voso Mestre, e todos vós sodes irmáns. E a ninguén na terra chamedes pai, porque un só é o voso Pai, o celestial. Nin tampouco vos fagades chamar guieiro, porque un só é o voso Guieiro, Cristo.

O máis importante entre vós ha de ser servidor voso. Porque quen se enaltece, será humillado, e quen se humilla, será enaltecido.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXXII ORDINARIO

154.-

PRIMEIRA LECTURA

Encontran a sabedoría aqueles que a buscan

Lectura do libro da Sabedoría **6, 12-16**

Raiolante e perenne é a sabedoría
e enxérgana sen dificultade os que a aman;
déixase atopar dos que a procuran.
Adiántase a se dar a coñecer polos que a anceian.
Quen madrugue por ela non ha de cansar:
atoparaa chantada a carón da súa porta.
O matinar nela é xa o cumio da prudencia,
quen por ela deixa o sono axiña se verá libre de preocupacións,
pois ela de seu vai de acá para alá
á procura dos que dela sexan dignos,
aparéceselles benigna nos vieiros,
sáelles ó encontro en calquera proxecto.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 62, 2. 3-4. 5-6. 7-8 (R.: 2b)

R.: De ti ten sede a miña alma, Señor, meu Deus.

Deus, o meu Deus es ti, por ti madrugo,
de ti ten sede a miña alma,
por ti devece o meu corpo,
coma terra reseca, sedenta, sen auga. **R.**

Miro cara a tí no santuario,
para ve-lo teu poder e a túa gloria.
A túa misericordia é preciosa máis cá vida,
lóante os meus labios. **R.**

Toda a miña vida hei bendicirte
 levantando no teu nome as miñas mans.
 Coma de graxa e manteiga, hei quedar satisfeito,
 han loarte xubilosos os meus labios. R.

No leito lémbrome de ti,
 nas vixilias da noite penso en ti.
 Ti e-lo meu auxilio,
 á sombra das túas ás estou contento. R.

SEGUNDA LECTURA

Deus levará consigo, por medio de Cristo, os que morreron

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Tesalonicenses
 4, 13-18

Irmáns:

Non queremos que esteades desinformados acerca dos mortos, para que non vos agoniedes coma os outros, os que non teñen esperanza.

Porque, se cremos que Xesús morreu e que resucitou, do mesmo xeito Deus, por medio de Xesús, levará con El os que xa morreron.

Iso é o que vos dicimos apoiados na palabra do Señor: que nós, os que vivimos, os que quedemos para a Vinda do Señor, non teremos vantaxe sobre os que xa morreron; pois a un sinal de mando, á voz do arcanxo e ó son da trompeta de Deus, o Señor en persoas baixará do ceo: entón os cristiáns defuntos resucitarán primeiro; despois, nós, os que quedemos vivos, seremos arrebatados xunto con eles nas nubes, para irmos ó encontro do Señor no aire e así estaremos sempre co Señor. Polo tanto, consoládevos uns a outros con estas palabras.

Palabra do Señor.

Ou más breve:

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Tesalonicenses
4, 13-14

Irmáns:

Non queremos que esteades desinformados acerca dos mortos, para que non vos agoniedes coma os outros, os que non teñen esperanza.

Porque, se cremos que Xesús morreu e que resucitou, do mesmo xeito Deus, por medio de Xesús, levará con El os que xa morreron.

Palabra do Señor.

Aleluia Mt 24, 42a. 44

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Vixiade e estade preparados,
porque á hora que non pensades
virá o Fillo do home.

Aleluia.

EVANXEO

Ei-lo noivo. Saíde recibilo

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 25, 1-13

Naquel tempo, díxolle Xesús ós seus discípulos esta parábola:

—«O Reino dos Ceos parecerase a dez virxes que, collendo os seus candís, saíron recibi-lo noivo. Delas, cinco eran atoladas e cinco asisadas.

As atoladas colleron os candís, pero non levaron aceite consigo; as asisadas, en troques, cos candís levaron tamén as aceiteiras cheas.

Como o noivo tardaba, pegóulle-lo sono a todas e quedaron durmidas.

A media noite oíuse berrar: “Ei-lo noivo. Saíde recibilo.”

Erguérонse de seguida todas aquelas virxes e axeitaron os seus candís.

Entón as atoladas dixeron ás asisadas: “Dádenos do voso aceite, que os nosos candís esmorecen.”

Responderon as asisadas: “Non vaia ser que non chegue para nós e para vós; mellor será que vaiades onda quen o vende e llo merquedes para vós.”

No intre que elas ían mercalo, chegou o noivo, e as que estaban preparadas entraron con el no banquete de vodas, e pechouse a porta.

Máis tarde chegaron tamén as outras virxes chamando: “Señor, Señor, ábrenos.”

Pero el respondeulle: “Dígovolo de verdade: Non vos coñezo.”

Daquela, vixiade, xa que non sabedes nin o día nin a hora.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXXIII ORDINARIO

157.-

PRIMEIRA LECTURA

Traballa gustosa coas súas mans

Lectura do libro dos Proverbios 31, 10-13. 19-20. 30-31

Unha muller forte ¿quen a atopará?:
o seu valer supera o das perlas.

O seu marido pon nela a confianza
e non lle han faltar ganancias;
procúralle felicidade, e non desgracia,
tódolos días da súa vida.

Consegue lá e liño,
e traballa gustosa coas súas mans;

Bota as máns á roca
e os seus dedos manexan o fuso.

Tende a palma ó indixente
e achega as súas máns ó mendigo.

A gracia engana e a fermosura esvaece:
só a muller que teme o Señor merece ser loada.
¡Que falen por ela as obras das súas mans,
e os seus feitos lle dean honra na praza!

Palabra do Señor.

Salmo responorial Sal 127, 1-2. 3. 4-5 (R.: cf. 1a)

R.: Ditosos tódolos que temen o Señor.

Ditosos os que temen o Señor,
os que seguen os seus camiños.
Comerás do traballo das túas mans,
serás ditoso, serás afortunado. **R.**

A túa muller coma parra fecunda
 no interior da túa casa;
 os teus fillos coma gromos de oliveira
 arredor da túa mesa. R.

Así será bendito
 o home que teme o Señor.
 Que o Señor te bendiga desde Sión,
 que goces coa prosperidade de Xerusalén
 tódolos días da túa vida. R.

SEGUNDA LECTURA

Que o día do Señor non vos sorprenda coma un ladrón

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Tesalonicenses
 5, 1-6

Irmáns:

Tocante ó tempo preciso, irmáns, tampouco precisades que vos escriba, que vós mesmos sabedes á perfección que o «Día do Señor» chegará coma o ladrón pola noite.

Cando anden dicindo: «Paz e seguridade», daquela caerá de súpeto sobre eles a desfeita, do mesmo xeito que lle veñen as dores á muller embarazada; e, de certo, non han de escapar.

Pero vós, irmáns, non estadés nas tebras, para que ese día vos sorprenda coma o ladrón, xa que todos vós sodes fillos da luz, fillos do día: non somos da noite nin das tebras.

Polo tanto, non adormezamos coma os outros; más ben, esteamos vixiantes e manteñámolo propio control.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 15, 4a-5b

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Permanecede en min e eu en vós, di o Señor;
 quen permanece en min da froito abondoso.
 Aleluia.

EVANXEO

Xa que fuches fiel no pouco, pasa a gozar da festa do teu amo

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 25, 14-30

Naquel tempo, díxolle Xesús ós seus discípulos esta parábola:

—«Un home que ía saír de viaxe, chamou polos seus criados e entregoulle-los seus bens. A un deulle cinco talentos, a outro dous e a outro un; a cadaquén segundo a súa capacidade. Despois marchou.

De seguida, o que recibira cinco talentos foi negociar con eles e gañou outros cinco; do mesmo xeito o que recibira dous, gañou outros dous. Pero o que recibira un, foi cavar un burato na terra e escondeu o diñeiro do seu amo.

O cabo de moito tempo chegou o amo daqueles criados, pedíndolles contas.

Achegouse o que recibira cinco talentos e presentou outros cinco, dicindo: “Señor, cinco talentos me entregaches; velaquí outros cinco que gañei.”

Díxolle o seu amo: “Moi ben, criado fiel e cumplidor. Xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito. Pasa a gozar da festa do teu amo.”

Achegouse o que recibira dous talentos, e dixo: «Señor, dous talentos me entregaches; velaquí outros dous que gañei».

Díxolle o seu amo: “Moi ben, criado fiel e cumplidor. Xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito. Pasa a gozar da festa do teu amo.”

Achegouse tamén o que recibira un talento, e dixo: “Señor, sei moi ben que es un home duro, que seituras onde non sementaches e recolles onde non botaches. Como collín medo, fun agachar na terra o teu talento; aquí te-lo que é teu.”

Pero o seu amo respondeulle: “¡Criado ruín e lacazán! ¿Con que sabías que seituro onde non sementeí e recollo onde non boteí? Pois deberías te-lo meu diñeiro posto no banco, de modo que, ó volver eu, puidese recolle-lo que é meu, cos intereses. Así que quitádelle o talento e dádello ó que ten dez: Porque ó que ten, háselle dar e abondo; pero ó que non ten, aínda o que ten se lle ha quitar. E ó criado inútil botádeo fóra á escuridade; alí haberá pranto e renixer de dentes.”»

Palabra do Señor.

Ou más breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 25, 14-15. 19-21

Naquel tempo, díxolle Xesús ós seus discípulos esta parábola:
—«Un home que ía saír de viaxe, chamou polos seus criados e entregoulle-llos seus bens. A un deulle cinco talentos, a outro dous e a outro un; a cadaquén segundo a súa capacidade. Despois marchou.

Ó cabo de moito tempo chegou o amo daqueles criados, pedíndolles contas.

Achegouse o que recibira cinco talentos e presentou outros cinco, dicindo: “Señor, cinco talentos me entregaches; velaquí outros cinco que gañei.”

Díxolle o seu amo: “Moi ben, criado fiel e cumpridor. Xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito. Pasa a gozar da festa do teu amo.”»

Palabra do Señor.

Domingo XXXIV ou derradeiro

SOLEMNIDADE DO NOSO SEÑOR XESÚS CRISTO, REI DO UNIVERSO

160.-

PRIMEIRA LECTURA

Vós sóde-lo meu rabaño, eu xulgo entre ovella e ovella

Lectura do libro de Ezequiel 34, 11-12. 15-17

Así fala o Señor:

«Velaí, eu en persoa virei

seguírlle-las pisadas ás miñas reses e buscalas.

O mesmo que mira o pastor polos años,

o día en que el se atopa diante do rabaño dispersado,

así eu vou mirar polas miñas reses,

e vounas salvar, sacántoas de tó dolos sitios

por onde se espallaron un día de nubes e escuridade.

Eu mesmo apacentarei o meu rabaño,

e eu en persoa fareino acougar

-é o meu Señor, quen fala-.

Buscarei a ovella perdida,

farei volve-la extraviada,

vendarei a que ten a pata partida,

fortalecerei a feble,

pero farei que perezan a gorda e a forte.

Apacentarei o meu rabaño conforme a xustiza.

¡Oíde vós, meu rabaño! Así fala o meu Señor:

Vede, eu vou xulgar entre ovella e ovella,

entre carneiros e machos cabríos.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 22, 1-2a. 2b-3. 5. 6 (R.: 1)

R.: O Señor é o meu pastor: nada me falta.

O Señor é o meu pastor, nada me falta:
En pastos verdecentes faime repousar. R.

El lévame a beber en augas tranquilas
e repón as miñas forzas;
Guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome. R.

Ti pos para min a mesa,
á cara dos meus inimigos;
únxesme con perfume a cabeza,
e a miña copa reborda. R.

O teu benquerer e a túa misericordia vanme seguindo
tódolos días da miña vida.
Eu habitarei na casa do Señor
por días prolongados sen fin. R.

SEGUNDA LECTURA

Entregaralle o Reino a Deus Pai, para que Deus sexa todo en todo

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

15, 20-26. 28

Irmáns:

Cristo resucitou dos mortos, como primicia dos que adormecen. Porque xa que por un home entrou a morte, tamén por un home chegou a resurrección dos mortos.

Igual que todos morren por Adán, así tamén revivirán todos por Cristo. Pero cada un no seu momento: primeiro, Cristo; logo, no Día da súa chegada, os que sexan de Cristo; despois será a fin, cando lle entregue o Reino a Deus Pai, unha vez destruído todo Principado, toda Potestade e toda Dominación.

Porque é necesario que El reine ata que poña a tódolos seus inimigos por debaixo dos seus pés. A morte será o derradeiro inimigo destruído.

E cando lle teña todo sometido, entón tamén o propio Fillo se someterá a quen lle someteu a El todo: para que Deus sexa todo en todo.

Palabra do Señor.

Aleluia Mc 11, 9. 10

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

¡Bendito o que vén no nome do Señor!

¡Bendito o Reino do noso pai David que vén!

Aleluia.

EVANXEO

Sentará sobre o trono da súa gloria e separará uns dos outros

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 25, 31-46

Naquel tempo, díxolle Xesús ós seus discípulos:

—«Cando veña o Fillo do Home na súa gloria e tódolos anxos con el, sentará no seu trono glorioso. Diante del xuntaranse tódalas nacións; e separará uns dos outros, como xebra o pastor as ovellas das cabras. E poñerá as ovellas á súa dereita, e as cabras á súa esquerda.

Entón dirá o Rei ós da súa dereita:

“Vinde, benditos do meu Pai, recibide a herdanxa do reino preparado para vós desde a creación do mundo. Porque tiven fame, e déstesme de comer; tiven sede, e déstesme de beber; fun forasteiro, e acolléstesme; estiven en coiro, e vestístesme; enfermo, e visitástesme; na cadea, e viñéstesme ver.”

Entón preguntaránlle os xustos:

“Señor, ¿cando te vimos famento e che demos de comer, ou sedento e che demos de beber? ¿Cando te vimos forasteiro e te acollemos, ou en coiro e te vestimos? ¿Cando te vimos enfermo ou na cadea e te visitamos?”

O Rei contestaralles:

“Dígovolo de verdade: Canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos, fixéstelo comigo.”

E diralles logo ós da súa esquerda:

“Arredade de min, malditos, ide para o lume eterno, preparado para o Satán e para os seus anxos. Porque tiven fame e non me destes de comer; tiven sede e non me destes de beber; fun forasteiro, e non me acollestes; estiven en coiro, e non me vestistes; enfermo e na cadea, e non me visitastes.”

Entón tamén eles lle preguntarán:

“Señor, ¿cando te vimos famento ou sedento, forasteiro ou en coiro, enfermo ou na cadea, e non che acudimos?”

El responderalles:

“Dígovolo de verdade: Canto deixastes de facerlle a un destes más pequenos, deixastes de mo facer a min.”

Estes irán ó castigo eterno, e os xustos á vida eterna.»

Palabra do Señor.